

COMUNICACIÓN



"Comunicación PNG HD" (Creative Commons 4.0 BY-NC)

Ámbito de Comunicación
Módulo 1



ÍNDICE

COMUNICACIÓN

1. A COMUNICACIÓN.....	1
1.1 Comunicación verbal e non verbal.....	1
1.1.1 Exemplos comunicación verbal.....	1
1.1.2 Exemplos comunicación non verbal.....	1
<i>Exercicios</i>	2
1.2 Comunicación oral e escrita.....	2
1.2.1 Exemplos.....	2
<i>Exercicios</i>	3
2. REXISTRO FORMAL E INFORMAL.....	4
2.1 Exemplos.....	4
<i>Exercicios</i>	5
2.2 Normas de cortesía.....	6
2.2.1 Exemplos.....	7
<i>Exercicios</i>	7
2.3 Palabras tabú e eufemismos.....	8
2.3.1 Exemplos.....	8
SOLUCIÓN.....	10
Exercicio 1.....	10
Exercicio 2.....	10
Exercicio 3.....	10
Exercicio 4.....	10



1. A COMUNICACIÓN

Es consciente da cantidade de información que transmites e recibes diariamente? Ese intercambio de información coñécese co nome de **comunicación**. Esta está presente en múltiples situacións do teu día a día: chamadas telefónicas, mensaxes por WhatsApp ou a través do correo electrónico, noticias nos medios de comunicación, publicacións en redes sociais, entrevistas de traballo, conversas no supermercado etc.

Tendo en conta os exemplos de comunicación anteriormente expostos, seguramente te deses conta de que a través da lingua te comunicas tanto de maneira **oral** como **escrita**.

Aínda que a lingua é un importante instrumento de comunicación para o ser humano, tamén nos podemos comunicar prescindindo dela: as cores do semáforo, un aceno coa man a modo de saúdo etc. Deste xeito temos dous tipos de comunicación: comunicación **verbal** e **non verbal**.

Ademais, contas con estratexias lingüísticas que fan que dependendo da situación na que te atopes empregues un **registro formal** ou un **registro informal**.

1.1 Comunicación verbal e non verbal

Empregas a **comunicación verbal** cando botas man das palabras á hora de comunicarte, por exemplo, cando saúdas a alguén dándolle os bos días. En cambio, utilizas a **comunicación non verbal** cando prescindes da lingua para comunicarte, por exemplo, cando saúdas a alguén cun aceno coa man. A continuación, dispós de diferentes exemplos de comunicación verbal e de comunicación non verbal.

1.1.1 Exemplos comunicación verbal

- Unha **carta** que chega á túa caixa de correo. Para saber o contido, tes que lela.
- Unha **conferencia** á que asistes. Para que a información da conferenciante chegue a ti, debes escoitar o que di.
- Un **correo electrónico** que ti escribes. Para enviar un contido concreto, debes escribilo.

1.1.2 Exemplos comunicación non verbal

- Unha **mirada**. A través dunha simple mirada podes mostrar o teu enfado.
- Unha **caricia**. Podes transmitir un sentimento de amor cunha caricia.
- **Cello engurrado**. A túa preocupación pode transmitirse engurrando o cello.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Clasifica os seguintes elementos na táboa segundo se trate de comunicación verbal ou non verbal: *un libro, un aplauso, un asubío, unha conversa espontánea, unha cara de noxo, unha factura, o semáforo en verde, a sirena da ambulancia, a listaxe da compra e unha mensaxe de texto.*

Comunicación verbal	Comunicación non verbal

1.2 Comunicación oral e escrita

Cando queres transmitir información a través da lingua podes facelo falando ou escribindo. Se botas man da fala estás empregando a **comunicación oral**. En cambio, se para transmitir a información prefires escribila, estás optando pola **comunicación escrita**.

1.2.1 Exemplos

Exemplo 1:

Vas ir facer a compra da semana e teu pai ten que dicirte o que precisas mercar.

Comunicación oral: teu pai chámate por teléfono para comentarche a lista de alimentos.

Comunicación escrita: teu pai déixache unha nota na neveira coa lista de alimentos.

Exemplo 2:

A encargada da empresa onde traballas ten que avisarte dun cambio horario.

Comunicación oral: a encargada da empresa achégase ao teu posto de traballo para comunicarche o cambio horario en persoa.

Comunicación escrita: a encargada da empresa escríbeche un correo electrónico para comunicarche o cambio horario.



Exemplo 3:

Estás vendo unha noticia na televisión.

Comunicación oral: a presentadora comenta a noticia.

Comunicación escrita: na parte inferior da pantalla hai un breve resumo da noticia.



EXERCICIOS

Exercicio 2

Indica se nas seguintes situacións se emprega unha comunicación oral ou escrita:

- **Situación 1:** Xulia escríbelle un correo electrónico á súa profesora de Lingua galega para preguntarlle pola nota do exame

Comunicación

- **Situación 2:** No supermercado dáse un aviso a través do altofalante para que Iria acuda ao posto de carnicería.

Comunicación

- **Situación 3:** Suevia decide contarlles uns chistes ás súas amigas mentres merendan no parque.

Comunicación

- **Situación 4:** Nunhas eleccións estatais as distintas persoas que optan á presidencia do goberno enfróntanse nun debate televisivo.

Comunicación

- **Situación 5:** Xurxo sempre le un conto antes de durmir.

Comunicación

2. REXISTRO FORMAL E INFORMAL

Cres que unha reporteira de fútbol retransmite o partido do seu equipo favorito desde o seu posto de traballo do mesmo xeito ca cando o comenta coas súas amizades? A resposta é non. Cando está no seu traballo, a reporteira emprega unhas palabras máis coidadas e seguindo unha orde lóxica dos feitos. En situacións coma esta empregaríase un **registro formal**. Pola contra, cando a reporteira se atopa con persoas de confianza pode permitirse o uso de palabras malsonantes (*merda, carallo...*), diminutivos (*partidiño, goliño...*), aumentativos (*partidazo, golazo...*), exclamacións (*Ai!, case!...*), opinións persoais (*o árbitro está comprado, ese xogador chupa o balón...*). Nestes casos de maior familiaridade emprégase un **registro informal**.

2.1 Exemplos

Exemplo 1

A persoa que explica o tempo que vai ir mañá:

Rexistro formal (na televisión): “Deixamos atrás días de abundantes chuvascos para comezar un tempo anticiclónico, típico desta época do ano, que elevará as temperaturas ata os 30°C”.

Rexistro informal (no ámbito familiar): “Por fin se acaba a choiva para comeza a quentar como toca, mañá empeza o tempo de praia”.

Rexistro formal	Rexistro informal
Deixamos atrás días de abundantes chuvascos.	Por fin se acaba a choiva.
Para comezar un tempo anticiclónico típico desta época do ano.	Para comeza a quentar como toca.
Que elevará as temperaturas ata os 30°C.	Mañá empeza o tempo de praia.

Exemplo 2

A delegada dun grupo de estudantes reflicte o seu descontento co calendario de exames.

Rexistro formal (diríxese á directora): “Non estamos de acordo co calendario de exames, xa que se concentran todas as probas nunha semana. Consideramos oportuno facer un pequeno cambio”.

Rexistro informal (diríxese ás súas compañeiras de clase): “Pero que merda de calendario de exames é este? Parecemos unha fábrica de exames. Como non o cambien rebelámonos!”.

Rexistro formal	Rexistro informal
Non estamos de acordo co calendario de exames.	Pero que merda de calendario de exames é este.
Xa que se concentran todas as probas nunha semana.	Parecemos unha fábrica de exames.
Consideramos oportuno facer un pequeno cambio.	Como non o cambien rebelámonos!



EXERCICIOS

Exercicio 3

Indica se se trata dun rexistro formal ou dun rexistro informal.

a) Rexistro



“Lista da compra”

b) Rexistro



"Conversas WhatsApp"

c) Rexistro



"Conversas WhatsApp"

2.2 Normas de cortesía

O rexistro formal adoita conter certas **normas de cortesía**, entre as que se encontran as seguintes:

- Uso de **vostede** e **vostedes**: *Para que día quere vostede a cita?*
- Emprego de verbos que expresan unha petición ou un desexo (**podería, queredría...**): *Poderían pasar por este lado?*
- Dar as **grazas**, dicir **por favor**, pedir **perdón...**: *Grazas, foi vostede moi amable.*

2.2.1 Exemplos

Exemplo 1



Vas pola rúa e queres avisar a unha señora de que lle caeu a carteira:

Sen normas de cortesía: Ei, a **ti** acaba de caer**che** a carteira!

Con normas de cortesía: **Desculpe**, a **vostede** acaba de caer**lle** a carteira.

Exemplo 2

Entras nunha panadería para coller unha bola de pan.

Sen normas de cortesía: Ponme unha boliña de pan!

Con normas de cortesía: **Podería** poñerme unha bola de pan, **por favor?** Grazas.

Exemplo 3

A fontaneira avísate de que vai pasar mañá mirarche a fuga de auga, pero non podes.

Sen normas de cortesía: A ver se **vés** outro día, mañá non estou!

Con normas de cortesía: **Ten que perdoar**, pero mañá non estou. **Podería** vir noutro momento, **por favor?** Moitas **grazas**.



EXERCICIOS

Exercicio 4

Escolla a opción que conteña normas de cortesía:

Situación 1: Chamas á dentista para pedir unha cita.

- a) Bo día, podería darme unha cita, por favor?
- b) Ola! Quería unha cita para a semana que vén!

Situación 2: Recibes unha chamada coa intención de que cambies de compañía telefónica.

- a) Non volvas chamarme, non penso cambiar de compañía.
- b) Grazas pola oferta, pero estou contenta coa compañía na que estou.

Situación 3: Vas ao banco porque che cobraron unha comisión que non debían.

- a) Acabo de ver o cobro dunha comisión que non esperaba, serían tan amables vostedes de botarlle un ollo, por favor?

b) Acabo de ver o cobro dunha comisión que non esperaba, botádelle vós un ollo, a ver que puido pasar.

Situación 4: Alguén se confundiu chamando e preguntan por unha persoa que ti non coñeces.

a) Perdoe, pero creo que se confundiu.

b) Non teño nin idea de por quen preguntas...

Situación 5: Pregúntaslle a un traballador da sección de peixería se hai máis xurelos dos que están expostos.

a) E logo no hai máis xurelos ca estes?

b) Podería dicirme se hai un quilo máis de xurelos, por favor?

2.3 Palabras tabú e eufemismos

As **palabras tabú** son aquelas que se consideran vulgares e inoportunas. Socialmente non están ben vistas e incluso poden resultar ofensivas, polo que cómpre evitalas. No lugar delas podes utilizar outras palabras que teñen un significado similar, pero que están ben vistas socialmente. Estas palabras denomínanse **eufemismos**.

2.3.1 Exemplos

Palabras tabú	Eufemismos
váter	baño
feo	pouco agraciado
criada	empregada do fogar
persoa negra	persoa de cor
parada	persoa sen emprego
vello	persoa maior
cego	invidente



morrer	pasar a mellor vida
mexar	ouriñar
cagar	facer de ventre
eructar	expulsar gases
peidear	



SOLUCIÓN

Exercicio 1

Clasifica os seguintes elementos na táboa segundo se trate de comunicación verbal ou non verbal:

Comunicación verbal	Comunicación non verbal
Un libro, unha conversa espontánea, unha factura, a listaxe da compra, unha mensaxe de texto.	Un aplauso, un asubío, unha cara de noxo, o semáforo en verde, a sirena da ambulancia.

Exercicio 2

Indica se nas seguintes situacións se emprega unha comunicación oral ou escrita:

- **Situación 1:** comunicación escrita.
- **Situación 2:** comunicación oral.
- **Situación 3:** comunicación oral.
- **Situación 4:** comunicación oral.
- **Situación 5:** comunicación escrita.

Exercicio 3

Indica se se trata dun rexistro formal ou dun rexistro informal.

- a) Rexistro informal.
- b) Rexistro informal.
- c) Rexistro formal.

Exercicio 4

Escolla a opción que conteña normas de cortesía:

Situación 1: a) Bo día, podería darme unha cita, por favor?

Situación 2: b) Grazas pola oferta, pero estou contenta coa compañía na que estou.



Situación 3: a) Acabo de ver o cobro dunha comisión que non esperaba, serían tan amables vostedes de botarlle un ollo, por favor?

Situación 4: a) Perdoe, pero creo que se confundiu.

Situación 5: b) Podería dicirme se hai un quilo máis de xurelos, por favor?